



**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE ABRIL DE 2012**

**LICENZAS**

**EDIFICACION.-**

LIC/1974/2011 E LAP/252/2011.- MERCADONA, S. A.- Conceder as licenzas de obras de construción dun edificio comercial para supermercado e aparcadoiro e apertura de supermercado de alimentación e aparcadoiro en parque empresarial Costa Vella – A Sionlla, Parcela N4A01-A.

LIC/434/2012 E LAP/74/2012.- SOCIEDADE ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS, S. A.- Conceder licenza de obras de adaptación de nave e apertura de unidade de reparto e concentración rurais na rúa de Polonia nº 3.

LIC/2424/2011.- JUAN CARLOS MOURE TEIJEIRA.- Conceder licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada en rúa Casal do Castiñeiríño.

LIC/355/2012.- MARIA ESTHER LISTE COTO.- Conceder licenza para executar as obras de construción dun alpendre anexo a unha vivenda unifamiliar no lugar de Frensa nº 1.

LIC/1742/2011.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RIANXO 4.- Conceder licenza para adecuación funcional (instalación de ascensor, reconstrución de escaleiras e intervencións varias na envolvente) de edificio de vivendas situado na rúa de Rianxo nº 4.

**APERTURAS.-**

LAP/192/2011.- YOLANDA GULDRÍS SEIJAS.- Licenza de apertura de aparcadoiro en rúa Suarribas. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente para o dictame de incidencia ambiental.

**DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-**

LIC/531/2012.- ROSA MARIA RUANOVA LAGARES.- ... LIC/496/2008 ..... 1.500 €.-

LIC/581/2012.- REBECA GARCIA FANDIÑO.- ..... LIC/1120/2011 ... 600 €.-

LIC/596/2012.- MARIA DEL PILAR CALO MATO.- .... LIC/49/2010 (gastos de urbanización) ..... 1.500 €.-

LIC/595/2012.- MARIA DEL PILAR CALO MATO.- ... LIC/49/2010 ... 1.500 €.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a axudas de carácter social.**

Aprobáronse diversas axudas de carácter social para manutención, vivenda, aloxamento, actividades extraescolares e gastos excepcionais por un importe de 11.039,81 €.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa a inscrición dunha empresa no Rexistro Técnico de Rehabilitación.**

Aprobouse a inscrición no Rexistro Técnico de Rehabilitación da empresa Servicios y Cubiertas S.A.

**7 a 40.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor do terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre actividades económicas.**

Concédense os devanditos beneficios.

**41.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á rectificación de acordo de data 30.11.2010.**

Rectifícase o acordo.

**42.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Orzamentos e Contratación relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concéndense os devanditos beneficios.

**43.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á solicitude á Consellería de Traballo e Benestar da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.**

Aprobouse a solicitude á Consellería de Benestar da transfencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal. Esta solicitude non implica ningún custe adicional para o Concello, xa que conta con consignación orzamentaria. A distribución do importe solicitado sería a seguinte:

\* Persoal: 232.813 €

\* Axuda no fogar:

-Modalidade de prestación básica do Plan concertado: 204.481,50 €.

-Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 217.202,40 €.

**45.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á desestimación do recurso de reposición presentado por un funcionario.**

Desestímase o recurso.

**46.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación dun novo proxecto a incluír no Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural) en substitución do aprobado na Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2012.**

A XGL aprobou o “Proxecto de mellora do camiño de Santa Cristina de Nemenzo-Ponte Chaián e outros” que se executará dentro do Plan de Infraestruturas no Medio Rural. Este proxecto será executado con cargo os fondos do Convenio entre o Ministerio de Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia, cun orzamento de 104.384,85 €.

**47.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural en relación coa aceptación do Concello para a execución, en réxime de cooperación, de obras consistentes en mellora de diversos camiños dentro dos Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM-Rural).**

A XGL aprobou a aceptación do Concello de Santiago á execución, en réxime de cooperación, das obras consistentes en mellora de camiños:

-Roán-Lamasca-Ponte Vilar (Santa Cristina de Fecha)

-A Fontecova. (Figueiras).

-Tras Igrexa. (Vilvestro)

-Pardiñas de abaixo. (Laraño).

-Piñeiro – Cruce Eixo de Abaixo. (O Eixo).

-O Sisto. (Marrozos).

-Cañoteira – Túnel Ferroviario – Barreira. (Marrozos).

-A Lavacolla (Sabugueira).

-Marzo de abaixo – Aradas (Grixoa – A Peregrina).

-Barciela

-Neiro de arriba – Igrexa de Busto.

**48.- Realización das actividades do proxecto municipal de animación solidaria.**

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Benestar que á vista dos informes técnicos e da valoración cidadá propuxo presentar como entidade idónea para a execución da actividade denominada “Proxecto Municipal de Animación Solidaria” á Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL), por un importe de 2.759,47 €.

**49.- Prórroga do alugueiro do local sito na rúa Galeras destinado á reubicación das oficinas de Catastro e Censos.**

Á vista da próxima finalización deste contrato, a XGL aprobou a proposta da Concelleira de Réxime interior unha prórroga do mesmo ata o 30 de abril de 2013 por un importe de 6.431,12 €. Ambas partes pactan non aumentar o IPC neste importe.

**50.- Solicitude do financiamento dos servizos sociais comunitarios do Concello para o ano 2012, relativo ás escolas infantís municipais de Conxo e das Fontiñas para a atención primaria da infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.**

Apróbase a solicitude.

**51.- Aprobación dos prazos de reserva de praza e de admisión de novas solicitudes para os obradoiros das Escolas Infantís de Conxo e Fontiñas, para o verán 2012 e para o curso 2012-2013.**

A XGL aprobou os prazos de reserva para solicitar praza nos obradoiros de verán para 2012 e para o curso 2012-2013.

Os obradoiros realizaranse nos seguintes horarios:

-Obradoiros de verán: de luns a venres de 10 a 14 h.

-Temporalización dos obradoiros:

16:00 a 16:30 h-Asemblea, posta en común experiencias do día.

16:30 a 17:30 h-Obradoiro.

17:30 a 18:30 h-Merenda e xogo libre no patio.

18:30 a 19:30 h-Animación á lectura.

19:30 a 20:00 h-Técnicas de relaxación.

-Obradoiros Curso 2011-2012:

Arte, cociña divertida, Historia, pequeciencia, astronomía.

-Obradoiros de verán:

Creación e manualidades e deporte en equipo.

-Prazos de solicitude:

Prazo para os xa matriculados: solicitudes entre o 23 de abril e 2 de maio.

Publicación da lista admitidos: 4 de maio.

Prazo para novas solicitudes: do 7 ao 22 de maio.

Publicación lista admitidos: 31 de maio.